

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de novembro de 2008

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

Invitados:

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día once de novembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1685).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e extraordinaria e urxente do 22 de outubro e das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 24 de outubro de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1686).- BASES DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2008”. EXPTE. 22878/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Animación Sociocultural, do 5.11.08, conformado polo concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a convocatoria, que de seguido se transcribe, e correspondente ó concurso “*Vente cos Reis Magos 2008*”, e que ten por obxecto seleccionar a corenta nenos/as para acompañar ós Reis Magos na comitiva real da *Cabalgata de Reis 2009*”

CONVOCATORIA DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2008-2009”

1. *O obxecto da convocatoria e seleccionar a corenta nenos e nenas para acompañar os Reis Magos na Cabalgata de Reis 2009.*
2. *Neste concurso poderán participar tódolos nenos e nenas da cidade nados entre o 1 de xaneiro de 1996 e o 31 de decembro de 2000, ambos inclusive.*
3. *As solicitudes poderán depositarse nun buzón do Carteiro instalado na Lonxa do Concello e nos Centros Cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saians.*
4. *O prazo de inscrición comezará o día 9 de decembro e finalizará as 20,00 horas do día 18 de decembro.*
5. *O sorteo realizarase o día 22 de decembro, ás 12,00 horas na Casa do Concello.*

A bases do concurso foron aprobadas na X.Goberno local o 19 de novembro de 2007.

3(1687).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no RC-A nº 53/2006 p.o. Demandante: Prazadouro S.L. Obxecto: Resolución do tribunal Económico Admtvo. do 30/08/06 desestimatoria da reclamación contra liquidación da taxa de entrada de vehículos e taxa de lixo industrial do aparcamento subterráneo da praza Elíptica. Estimado parcialmente.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p. a. Nº 195/08. Demandante: D. Eduardo Fernández Crispín. Obxecto: Resolución do 18/02/2008 en Reclamación patrimonial, expte. 1377/243. Desestimado o recurso.

c) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. 197/2008. Demandante: D. Julián José Viéitez Fernández. Obxecto: Resolución do Tribunal Económico Admtvo. do Concello de Vigo en materia de sancións de tráfico, expte. 866/550. Desestimento.

d) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p. a. Nº 204/2008. Demandante: D. José Antonio Sánchez Rivera. Obxecto: Sanción de tráfico, expte.: 078705833. Desestimento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(1688).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTEs. 14/2080, 14/2085, 14/1913, 02/2346, 3/2009, 2/2378, 14/1442.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Marina González Piñeiro. Expte. 14/2080.
- D. Juan Domínguez Seijas. Expte. 14/2085.
- D. José Dacosta Martínez. Expte. 14/1913.
- D. José Fernández Abreu. Expte. 2346/02.
- D^a. Manuela Amelia Domínguez Alonos. Expte. 2009/03.
- D^a. Eulalia Estévez Castro. Expte. 2378/02.
- D^a. Cándida Carballo Alvarez. Expte. 14/1442.

5. PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSONAS MAIORES: ALTA EXPTE. 2034/14.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da traballadora social responsable do Programa, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a. Pilar Graña Ballesteros.

6(1689).- CONTRATO DA ACTUACIÓN MUSICAL DE CAFÉ ZIMERMANN NA IGREXA MARÍA AUXILIADORA DENTRO DO ARE MORE 2008. EXPTE. 11265/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.11.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da programación, do 3.11.08, conformado polo xefe do Servizo de Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato que de seguido se transcribe, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación musical de CAFÉ ZIMERMANN, dentro do programa de concertos do Festival de Música de Vigo Are More 2008, o día 18 de novembro ás 20,45 horas na Igrexa María Auxiliadora.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 23.345,00 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 4510.226.08.03 (programa de música, teatro e danza) do programa de Cultura para o vixente exercicio económico en concepto da contratación do referido espectáculo que se abonará a UBIAGRANDAL S.L.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Cultura de CAIXAGALICIA Nº 2091 0501 61 3110002567.

CONTRATO DE REPRESENTACIÓN DE ACTUACIÓN DE CAFÉ ZIMERMANN

En Vigo, o 10 de outubro de 2008

Dunha parte D. Xesus López Carreira, concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, Praza do Rei 1, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D.Mario Ubiaga André, NIF 36105816-W, en calidade de administrador único), e que actúa en nome da empresa denominada UBIAGRANDAL S.L.CIF B-36916492, e con enderezo en Travesía do Príncipe 2-4 of.5 da cidade de Vigo, CP 36202 ; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

Primeira.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación de CAFÉ ZIMERMANN, no sucesivo O/A ARTISTA, o día 18 de novembro de 2008, ás 20,45 horas, no recinto denominado Igrexa María Auxiliadora, situado en Vigo, con unha duración mínima de 70 minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do/a ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

Segunda.- A validez deste contrato será efectiva desde o momento en que se atope en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.

PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Terceira.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 20.125,00 (VINTE E CINCO MIL CENTO VINTE E CINCO) euros, máis 3.220,00 (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un total de 23.345,00 € (VINTE E TRES MIL TRESCENTOS CORENTA E CINCO EUROS), en concepto da realización da actuación do/a ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento deste importe realizarase mediante talón nominativo a favor de UBIAGRANDAL S.L., que se entregará a MARIO UBIAGA ANDRÉ, NIF 36105816-W, momentos antes do comezo da actuación, co/a ARTISTA no recinto, tras a achega da factura correspondente conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade e dereitos de autor.

PERMISOS

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E ENTRADAS

Sexta.- O recinto da actuación dispón dun aforo de 300 (TRESCENTOS) espectadores sentados. A ENTRADA será gratuíta até completar aforamento.

PROMOCIÓN E IMAXE DO/A ARTISTA

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por sí ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, nome ou logotipo do/a ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Asemade, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou nos seus arredores, a venda de material relacionado co/a ARTISTA por persoas non autorizadas. O CONCELLO non permitirá a entrada no recinto da actuación de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera outro instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos. A AXENCIA reservárase o dereito da explotación de produtos relacionados co/a ARTISTA no lugar e data do concerto, tras comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao CONCELLO, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica, cun tempo máximo de tres minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pasaxes necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, desde a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada á actuación contratada. A AXENCIA porá á disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso de que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

PATROCINIOS

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e nos seus aledaños, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do/a ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

O CONCELLO resérvase ademais o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

Décimo segunda.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso O CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do

Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas e demais lexislación aplicable; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto e á AXENCIA ou á/ao ARTISTA.

Décimo cuarta.- O CONCELLO será responsable de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. Se se vendesen bebidas dentro do lugar da actuación deberán ser servidas unicamente en vasos de plástico.

Décimo quinta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario (“backstage”) e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

Décimo sexta.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O/A ARTISTA instale no recinto da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos personais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do CONCELLO, previa a súa comprobación. En caso contrario O CONCELLO eximirase de claquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

Décimo sétima.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9 horas do día da actuación até dúas horas despois do final da actuación.

Décimo oitava.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de disponibilidad, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

Décimo novena.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA debidamente xustificada, que impida á AXENCIA a realización do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

Vixésima.- Se desde a sinatura do presente documento, o CONCELLO decidira suspender a actuación unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

Vixésimo primeira.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do/a ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá a AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

Vixésimo segunda.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar desde a data da suspensión.

A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.

RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Vixésimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.

Vixésimo cuarta.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus anexos.

SUBMISIÓN

Vixésimo quinta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO

1. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

1.1. ESCENARIO

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN

A AXENCIA instalará para a actuación do/a ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.

1.3. BACKLINE

Será por conta da AXENCIA calquera elemento de “backline” necesario para a realización do concerto.

1.4. RECINTO E INSTALACIÓNS

O CONCELLO e a AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO

- Camerinos
- Saída ao escenario (entre caixas)
- Pasillos entre camerinos e escenario

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS

Non se precisan

4. CAMERINOS

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA de camerinos con capacidade suficiente de uso exclusivo, aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñibles e vixilados desde o inicio das montaxes até o final das desmontaxes. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requieran.

5. CATERING

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, cafés e/ou infusións, frutos secos e sandwiches variados.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), curante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concertos, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persoa para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN

8.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsable da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsable da produción estará permanentemente localizable.

8.2. ELECTRICISTA

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizable.

8.3. MANTEMENTO

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8.4. OUTRO PERSOAL

Será a cargo do CONCELLO calquer outro persoal necesario para a organización do concerto, como por exemplo taquilleiros, porteiros, acomodadores, etc.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñible desde 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá:

- Zona de camerinos e pasillos
- Acceso ao escenario e backstage
- Equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsables de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento da actuación e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante a AXENCIA e o ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado por persoas indetectables con acreditacións visibles.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizable durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto desde o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

10. ACTUACIÓN E ENSAIO

10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS

Durante a xornada completa do día do concerto.

10.2. ENSAIO TÉCNICO

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

10.3.HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS)

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes da actuación. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

11. PUBLICIDADE

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos, programa completo...), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

12. PROGRAMA

O programa a interpretar será o que figura como anexo II do presente contrato; calquera modificación deberá ser comunicada pola AXENCIA por escrito e deberá contar, no seu caso, coa conformidade da dirección artística do festival.

Ambas partes contratantes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

7(1690).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A DELFIN TIME S.L. CONSTITUÍDO POLA REALIZACIÓN DO EVENTO FUTBOL PARK. EXPTE. 8197/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 5.11.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval constituído por Delfin Time, S.L., co número de operación 200800054307 por un importe de 30.000 €, para responder de posibles danos na pista de patinaxe de Samil consecuencia da celebración do evento FÚTBOL PARK o días 25 de outubro de 2008, debido á non existencia de danos na dita instalación municipal.

8(1691).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DIRIXIDAS Á POBOACIÓN XITANA NO MARCO DOS PROGRAMAS DE LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN. EXPTE. 5234/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 27.10.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Xitano para o desenvolvemento de accións dirixidas á poboación xitana no marco dos programas de Loita contra a Discriminación.

2º.- Facultar ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar o gasto por importe total de 16.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 3220 489.00.00. de Promoción Económica e Emprego.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO

En Vigo, de de 2008

INTERVEÑEN:

Dunha parte, o Concello de Vigo, representado por Don Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá nomeado por Resolución de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007. O Concello de Vigo desenvolve, principalmente a través da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá , políticas activas de formación e emprego.

Doutra parte, D. Pedro Puente Fernández, na súa calidade de Presidente da Fundación Secretariado Gitano, segundo escritura de data 23 de febreiro de 2005. A Fundación Secretariado Gitano ten como fin fundamental a promoción integral da comunidade dende o recoñecemento da súa identidade cultural.

Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convenir e obrigarse no nome das institucións e ámbitos que representan.

MANIFESTAN:

Primeiro- Que a construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada, pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario remexer e eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan aínda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións aos bens e servizos da comunidade.

Segundo- Que é responsabilidade de todas as instancias sociais incluír a promoción da integración e a loita contra a exclusión en todas as súas iniciativas e actividades, pois a fractura social que supón a marxinação e a postergación de grupos ou comunidades de cidadáns, constitúe unha contradicción cos principios e prácticas que deben informar as sociedades democráticas avanzadas.

Terceiro- Que a nova sociedade baseada no coñecemento, como expresamente se recoñece no documento de Conclusións do Consello Europeo de Lisboa de 23 e 24 de marzo de 2000, ofrece un enorme potencial para reducir a exclusión social, tanto mediante a creación de condicións económicas que redunden nunha maior prosperidade da que non queden marxinaos ningún grupo ou comunidade, como promovendo novos xeitos de participación na sociedade.

Cuarto- Que a sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quen tes acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facerse esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.

Quinto- Que o emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Sexto- Que os recursos económicos que teñen a súa orixe nos Fondos Estructurais e as Iniciativas Comunitarias da Unión Europea constitúen unha ferramenta especialmente apropiada para promover e desenvolver accións

positivas de fomento do emprego e loita contra a exclusión, sexa cal sexa a forma que adopte, polo que representan unha vía de financiamento de especial interese para as organizacións que, como as asinantes deste convenio, traballan pola promoción humana e desenvolvemento integral de todas as persoas.

Sétimo- Que as organizacións que accedan a eses fondos teñen a responsabilidade de xestionalos e administralos do mellor xeito posible, intercambiando experiencias, coñecementos, creando economías de escala, promovendo a intersectorialidade e establecendo marcos de colaboración globais que amplíen os beneficios e intensifiquen os resultados destas accións, abarcando ao maior número posible de persoas.

Oitavo- Que ámbalas dúas partes conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como do propio Plan Municipal de Emprego 2008-2011 do Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación dos xitanos, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase ás persoas xitanas como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco da dispersión dos recursos dispoñibles.

Noveno- Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar, por terse subrogado de todas as actividades da Asociación Secretariado General Gitano, as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos Plurirrexionais de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio. É vontade das partes concretar esta colaboración durante o o presente ano.

Décimo- En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- O presente Convenio ten como obxecto fixar os termos da colaboración entre os asinantes para o desenvolvemento das accións que se dirixirán á poboación xitana no marco dos programas de Loita contra a Discriminación.

Segunda.- O obxectivo común das accións será o da mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade xitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma. A colaboración prevista versará especialmente sobre as materias de formación profesional ocupacional, orientación laboral, acompañamento no acceso ao emprego, accións de sensibilización dirixidas a empresarios e entes públicos, estudos e metodoloxía a aplicar ós programas.

Terceira.- A Fundación Secretariado Gitano, no marco dos Programas Plurirrexionais de Loita Contra a Discriminación, desenvolverá na cidade de Vigo as seguintes actuacións :

- Mantemento dun dispositivo de emprego coa funcionalidade de realización de:
 - a) Accións de captación e acollida de usuarios/as ademais de sensibilización da comunidade xitana arredor das oportunidades e dificultades do mundo do emprego por conta allea.
 - b) Accións de información, orientación laboral, e busca activa de emprego con cada un dos usuarios/as do programa. Estas accións apoiaranse nun traballo individualizado con cada persoa, desenvolvendo un itinerario de empregabilidade e de capacitación persoal e profesional que será pertinentemente recollido na base de datos xeral do programa e nos instrumentos de seguimento deseñados para tal fin.

c) *Accións de acompañamento e acceso da poboación cigana, preferentemente moza, á formación e ao emprego. En especial realizaranse accións de prospección do mercado de traballo, de intermediación de ofertas de emprego, de selección de persoal dentro dos perfís máis elevados de empregabilidade de cantos figuren na nosa bolsa de emprego e un deseño de accións formativas axustadas ás demandas percibidas e axustadas ás capacidades e inclinacións dos usuarios/as do programa. Cada ano realizarase alomenos unha acción de formación con compromiso de contratación ou con un forte impacto avaliable no acceso ao emprego.*

- *Desenvolvemento dunha serie de actuacións dirixidas a impulsar políticas sociais máis activas coa comunidade xitana, especialmente as relacionadas co acceso ao sistema de saúde, como base dunha produtividade estable, á formación profesional, á incorporación social plena da muller xitana e á eliminación da discriminación no acceso xeral aos bens e servizos, con especial atención aos relacionados coa vivenda e o emprego.*

Cuarta.- Réxime financeiro, tramitación dos pagos e liquidación

1. *O Concello de Vigo, con cargo ao vixente orzamento da Concellaría Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, asignará unha achega económica de 18.000,00 € (DEZASEIS MIL EUROS), con cargo á partida 3220 489.00.00, do vixente orzamento, que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados dos programas e actividades que se valoran no anexo. Esta cantidade seralle aboada a entidade recreativa mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2038-1187-20-6100025557.*
2. *Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade interesada, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.*
3. *A ón Secretariado Gitano, unha vez rematadas a/s actividade/s e dentro dos tres meses seguintes ao remate da vixencia do convenio, presentarán no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:*
 - *Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.*
 - *A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Promoción Económica e Emprego que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:*
 - *Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:*
 - *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
 - *Datas e lugar de celebración.*
 - *Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
 - *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
 - *Actuacións realizadas.*
 - *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
 - *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá*
 - *Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*

- *Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*
 - *Número e no seu caso serie.*
 - *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
 - *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
 - *Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*
 - *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
 - *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impositiva e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.*
 - *Lugar e data de emisión.*
 - *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*

4.-Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

Quinta.- Incentivarase, polas partes asinantes deste Convenio, a promoción daquelas iniciativas que teñan por finalidade a inserción das persoas xitanas novas desempregadas e en situación de exclusión social, con especial relevancia nos mozos entre dezaseis e vintecinco anos. Prestarase especial atención ao fomento dos servizos de proximidade e aos empregos e ocupacións vencellados a estas actividades que podan repercutir na mellora das condicións de vida da poboación gitana. Dentro do citado marco normativo, poderán desenvolverse accións tales como estudos e análises prospectivas que afonden nun maior coñecemento da situación da comunidade gitana, temas relacionados cos servizos de proximidade, a mellora da calidade de vida das persoas e a cultura. Así mesmo poderá impulsarse o desenvolvemento de programas, metodoloxías, enfoques e materiais didácticos adaptados á comunidade gitana, así como o establecemento de novos sistemas de avaliación e auditoría das actividades formativas e o seus resultados.

Sexta.- A Fundación Secretariado Gitano, con suxección á normativa aplicable e aos termos dos convenios e instrumentos que ao efecto se suscriban, desenvolverá estes proxectos e programas, obrigándose ao estricto cumprimento das instrucións do Concello de Vigo, así como ás do Fondo Social Europeo en materia de control, seguimento, avaliación e xustificación da actividade e os resultados da mesma.

Sétima.- As partes establecerán iniciativas de divulgación e difusión dos contidos deste Convenio e das actuacións que se desenvolvan no marco do mesmo, co obxecto de garantir o maior grao de coñecemento destes proxectos pola sociedade e, en particular, polos propios interesados. A identificación destes proxectos levarase a cabo de xeito que a identidade corporativa dos asinantes se respecte en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte dos usuarios/as da mesma. Así mesmo, deixarase constancia fehaciente da participación do Fondo Social Europeo, e no seu caso do FEDER, naquelas accións que sexan financiadas, en todo ou en parte, por este Fondo Estructural, a tenor do disposto na Decisión da Comisión das Comunidades Europeas de 21 de marzo de 1999.

Oitava.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- a) A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.*
- b) A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.*
- c) A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.*
- d) Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.*
- e) Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico.*

A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta da Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.

Novena.- A este Convenio poderán adherirse e cooperar no seu desenvolvemento, as organizacións públicas e privadas (empresas, fundacións, medios de comunicación, ...), así como asociacións que interveñen coa comunidade xitana que se atopen en condicións de cooperar ao maior e máis eficaz desenvolvemento destas iniciativas.

Décima.- Réxime xurídico aplicable.

O presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia no relativo ós procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolve-las dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Regulación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal.

Undécima.- O presente Convenio terá vixencia dende a sinatura do mesmo ata o 31 de decembro de 2008.

As partes, en proba da súa conformidade, asinan o presente Convenio de Colaboración, en triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

9(1692).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Visto o informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, do 28.10.08, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FA-VOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	08044033	60,00	60,00	----	----
CABRERA RIANDE JORGE	08012508	525,00	525,00	----	----
CABRERA RIANDE JORGE	08029183	3.000,00	----	3.000,00	----
DEL CASTILLO MARTIN CARMELO	08004344	3.000,00	2.311,59	688,41	----
DEL CASTILLO MARTIN CARMELO	08025474	600,00	43,90	556,10	----
DEL CASTILLO MARTIN CARMELO	08027407	3.000,00	2.284,54	715,46	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08016113	7.572,60	7.572,60	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08020898	12.000,00	11.945,80	54,20	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08020946	1.000,00	936,57	63,43	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08029182	12.000,00	11.975,00	25,00	----
ESPADA RE CAREY LUIS	08039842	12.000,00	11.936,41	63,59	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08014315	155,00	155,00	----	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08014316	195,00	181,45	13,55	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08014317	140,77	124,80	15,97	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08022550	117.318,04	115.551,58	1.766,46	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08023509	16.000,00	16.000,00	----	----

HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08023512	17.680,50	17.680,50	----	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08023513	14.639,00	14.639,00	----	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08035575	34.000,00	34.000,00	----	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08041116	193.854,16	189.029,93	4.824,23	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08041924	7.000,00	7.000,00	----	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	08042324	10.000,00	10.000,00	----	----
LÓPEZ MOURE JESÚS	08032876	18.132,31	18.132,31	----	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	08013743	155,00	155,00	----	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	08013744	195,00	131,50	63,50	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	08013745	140,77	124,80	15,97	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	08039841	49.377,00	49.377,00	----	----
OLIVEIRA LÓPEZ IGNACIO	08013747	110,00	65,00	45,00	----
OLIVEIRA LÓPEZ IGNACIO	08013749	130,00	52,05	77,95	----
OLIVEIRA LÓPEZ IGNACIO	08013751	122,07	87,40	34,67	----
OLIVEIRA LÓPEZ IGNACIO	08028252	13.920,00	13.920,00	----	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	08009309	600,00	600,00	----	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	08012504	525,00	525,00	----	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	08012507	525,00	525,00	----	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	08024059	6.000,00	5.989,93	10,07	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08009944	3.000,00	1.150,00	1.850,00	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08012749	10.000,00	10.000,00	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08012768	100,00	100,00	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08012769	564,00	455,90	108,10	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08012770	149,60	149,60	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08016293	100,00	----	100,00	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08016301	74,80	----	74,80	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08016314	300,00	271,07	28,93	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08016315	206,74	206,74	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08018025	390,00	390,00	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08018026	231,39	210,63	20,76	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08018027	402,14	362,14	40,00	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08018301	50,00	50,00	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08020148	442,00	442,00	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08021768	191,81	191,81	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08021843	500,00	223,80	276,20	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08021849	570,00	570,00	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08021850	400,00	267,45	132,55	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08021851	328,81	328,81	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08022644	65,00	68,00	----	3,00
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08022888	28,21	28,21	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	08022890	42,80	34,20	8,60	----
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	08010410	12.000,00	11.989,60	10,40	----
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	08025477	10.500,00	10.500,00	----	----
TOTAL		596.309,52	581.628,62	14.683,90	3,00

TOTAL XUSTIFICADO.....

792.230,96

10(1693).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2008. EXPTE. 6026/306.

Mediante providencia de data 29.10.08, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor polo Servizo de Medio Ambiente durante o mes de outubro de 2008, que son os seguintes:

Exppte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
6000/306	4450.212.00.00	SER	Execución das obras de conexión da caneira municipal á rede xeral de saneamento	Aqualia-FCC Vigo	20/10/2008	24/10/2008	11.562,37 €
5994/306	4450.231.00.00	SER	Gastos de locomoción do servizo de Medio Ambiente	Varios	29/09/2008	16/10/2008	1.500,00 €
5777/306	4450.227.06.00	SER	Contratación dos servizos de asesoramento xurídico do departamento de Medio Ambiente	Inés González Martínez	05/06/2008	17/06/2008	18.000,00 €
6005/306	4450.227.06.00	SER	Estudo e traballos de eliminación da planta invasora Car-pobrotus Edulis na zona protexida de Fontaña	Novocontorno, SL	20/10/2008	24/10/2008	1.434,28 €
5970/306	4450.227.06.00	SER	Servizo preventivo das visitas aos catro arquipélagos do Parque Nacional das Illas Atlánticas	Cruz Roja Española	07/10/2008	15/10/2008	2.985,00 €
6001/306	4450.227.06.00	SER	Transporte marítimo dos sendeiristas ás Illas Cíes, Ons e Sálvora	Naviera Mar de Ons, SL	20/10/2008	24/10/2008	17.775,00 €
5999/306	4450.227.06.00	SER	Transporte en autobús dende a praza do Rei ao punto de saída das visitas ao Parque Nacional das Illas Atlánticas	Autna, SL	20/10/2008	29/10/2008	13.241,25 €
5993/306	4533.227.06.00	SER	Eliminación de plantas invasoras e plantación novos exemplares de duna nos sistemas dunares Samil e Vao	Novocontorno, SL	16/10/2008	16/10/2008	5.611,33 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

11(1694).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2008. EXPTE. 769/334.

Mediante providencia de data 4.11.08, a concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor polo Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de outubro de 2008, que son os seguintes:

Expediente	761/334. Elaboración de publicacións para a divulgación da campaña "Europa Plurilingüe"
Decreto concelleira	data 13 de outubro de 2008
Informe Intervención	RC 54306
Adxudicatario	C/A Gráfica, S.A.
Importe	4.146,87 euros
Expediente	762/334. Elaboración do dicionario para turistas

Decreto concelleira	data 17 de outubro de 2008
Informe Intervención	RC 54470
Adxudicatario	anónimo publicidade
Importe	4.997,28 euros

Expediente	763/334. Edición do libro toponimia de Coia
Decreto concelleira	data 21 de outubro de 2008
Informe Intervención	RC 55288
Adxudicatario	Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Importe	6.500,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

12(1695).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE DOUS VEHÍCULOS PARA A ÁREA DE EDUCACIÓN. EXPTE. 9684/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.10.08, o informe xurídico do 10.11.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 10.11.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto 39.800 euros para o subministro de dous vehículos, un para inspección e transporte de persoal e outro para transporte de persoal e mercadorias para o servizo de Educación, que se imputarán á partida presupuestaria 4220.624.00.00. do presuposto do ano 2008.

2º Aproba-lo expediente de contratación que conteñ o prego de cláusulas administrativas particulares xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 08-10-2008 e o prego de prescripción técnicas para a contratación da subministración de dous vehículos, un para inspección e transporte de persoal e outro para transporte de persoal e mercadorias do servizo de Educación.

3º Convoca-la licitación polo procedemento negociado sen publicidade .

13(1696).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 9437/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.10.08, o informe xurídico do 24.10.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 28.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Aproba-lo proxecto de acondicionamento na Escola Municipal de Música redactado polo arquitecto D. Eduardo Bera Cruz.

2º.- Aproba-lo gasto de 93.245,95 euros para a execución das obras de acondicionamento na Escola Municipal de Música que se imputarán á partida 4220 622 00 01 do presuposto do ano 2008.

3º Aproba-lo expediente de contratación que contén o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado sen publicidade para a execución das obras de acondicionamento na Escola Municipal de Música a Folla de Especificacións do Contrato de data 07-10-2008.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

14(1697).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE COLECTORES PARA A RECOLLIDA SELECTIVA DE ENVASES LIXEIROS. EXPTE. 2276/252.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.10.08, o informe xurídico do 29.10.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 29.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto 69.459,47 euros para o subministración de colectores para a recollida selectiva de envases lixeiros que se imputarán á partida presupuestaria 442.629.00.00 do presuposto do ano 2008.

2º Aproba-lo expediente de contratación que conteñ o prego de cláusulas administrativas particulares xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 24-10-2008 e o prego de prescrición técnicas para a contratación da subministración de colectores para a recollida selectiva de envases lixeiros.

3º Convoca-la licitación polo procedemento negociado sen publicidade .

15(1698).- REVISIÓN DE PREZOS DO SERVIZO DE VIXILANCIA E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 18408/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 17.10.08, conformado polo concelleiro de Contratación, a xefa de fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

Polo Director Administrativo do Museo Verbum, remiten escrito á este servizo có que achegan solicitude da empresa U.T.E. Securitas Seguridad España, S.A., Servicios Securitas S.A. Y Securitas tratamiento Integral de Valores S.A., de revisión de prezos do contrato dos servizos de vixilancia e mantemento das instalacións do Verbum- Casa das Palabras.

O contrato de referencia foi adxudicadi por Resolución do Ilmo. Sr. Alcalde de data 24 de abril de 2003, e según se expón no contrato administrativo o prazo do contrato comenará o día 6 de maio de 2003, e terá unha duración de dous anos prorrogables por periodos anuais ata un máximo de dous.

Según antecedentes que constan no expediente de contratación a última revisión de prezos do contrato foi aprobada o 26 de setembro de 2005, e correspondía a terceira anualidade do contrato, é decir maio 2005/2006, establecendose os seguintes importes parciais:

- *Hora de vixilante diurna : 14,62 euros.*
- *Hora de vixilante nocturna: 16,00 euros.*
- *Hora de vixilante de seguridade festiva diurna: 15,74 euros.*
- *Hora de vixilante de seguridade festivo nocturna: 17,04 euros.*
- *Hora de auxiliar de servizos diurna: 9,99 euros.*
- *Hora de auxiliar de servizos nocturna: 9,99 euros.*
- *Prezo do servizo de traslado de fondos: 4.899,11 euros/ano.*
- *Prezo de servizo de subministración de billetes: 2.050,16 euros/ano.*
- *Prezo do servizo de mantemento dos sistemas de seguridade: 5.819,28 euros/ano.*

A vista do anterior, a anualidade pendiente de revisar corresponde o período maio de 2006/2007, e para o cálculo deberase aplicar os prezos anteriores o incremento do IPC abril 2005/2006, que según datos facilitados polo INE foi de 3,9%, polo que se obteñen os seguintes importes:

- Hora de vixilante diurna: 15,19 euros.
- Hora de vixilante de seguridade nocturna: 16,62 euros.
- Hora de vixilante de seguridade festiva diurna: 16,35 euros.
- Hora de vixilante de seguridade festiva nocturna: 17,71 euros.
- Hora de auxiliar de servizos diurna: 10,38 euros.
- Hora de auxiliar de servizos nocturna: 10,38 euros.
- Prezo de servizo de traslado de fondos: 5.090,18 euros/ano.
- Prezo do servizo de subministración de billetes: 2.130,12 euros/ano.
- Prezo de servizo de mantemento dos sistemas de seguridade: 6.046,23 euros/ano.

Dado que se trata dun contrato xa rematado, a vista do facturado pola empresa no período de revisión maio 2006/2007, que ascende a 145.326,95 euros/ano, podese calcular o prezo total revisado, pola aplicación do incremento do IPC (3,9%), a este total facturado, ascendendo a 150.994,70 euros/ano.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de vixilancia e mantemento das instalacións do Verbum- Casa das Palabras, adxudicado a empresa U.T.E. Securitas Seguridad España, S.A., Securitas Tratamiento Integral de Valores, S.A., e Servicios Securitas S.A. (CIF G- 83643338), por resolución do Ilmo. Sr. alcalde de data 24 de abril de 2003, fixando os prezos parciais da contratación a partir do 6 de maio de 2006, nos seguintes importes:

- Hora de vixilante diurna: 15,19 euros.
- Hora de vixilante de seguridade nocturna: 16,62 euros.
- Hora de vixilante de seguridade festiva diurna: 16,35 euros.
- Hora de vixilante de seguridade festiva nocturna: 17,71 euros.
- Hora de auxiliar de servizos diurna: 10,38 euros.
- Hora de auxiliar de servizos nocturna: 10,38 euros.
- Prezo do servizo de traslado de Fondos: 5.090,18 euros/ano.
- Prezo do servizo de subministración de billetes: 2.130,12 euros/ano.
- Prezo do servizo de mantemento de seguridade: 6.046,23 euros/ano.

SEGUNDO: fixar o prezo total aual revisado do contrato na cantidade de 150.994,70 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1699).- REVISIÓN DE TARIFAS DO APARCADORIO SITUADO ENTRE AS RÚAS ZARAGOZA-VALLE INCLÁN. EXPTE. 18484/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 27.10.08, conformado polo concelleiro de Patrimonio, a xefa de fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

D. Ubaldino Rodríguez Bello, en nome e representación da entidade "Consulting Servicios Bayona, S.L.", mediante escrito presentado no Rexistro Xeral, solicita, que como titular da Concesión administrativa para a explotación dun aparcadoiro subterráneo, sito na praza delimitada polas rúas Zaragoza e Valle- inclán, deste Concello de Vigo, e de acordo co PCA polas que se rexe a Concesión, adxudicada polo Pleno do Concello de

Vigo de datas 31 de marzo de 1995, a revisión do mencionado estacionamento en función da variación do IPC, conforme ó previsto no apartado X do prego de condicións.

A concesión do aparcadoiro de referencia foi aprobada polo pleno deste concello de data 31 de marzo de 1995, a entidade Mercantil “Ismael e Vicente Rodriguez Alvarez, S.A.”, de acordo coas seguintes condicións:

- a) Número de prazas : 128.
- b) Canon anual a satisfacer ó Concello: 1.000 pts./praza.
- c) Prazo concesión: 40 anos.
- d) Prezo por disfrute de uso en cesión permanente: 1.300.000 pts/praza.

A transmisión ó solicitante: “Consulting Servicios Bayona S.L.”, foi acordada na Xunta de Goberno Local de 8 de outubro de 2007, e no paragrafo primeiro de dito acordo manifesta:

“1º.- autorizar a Ismael e Vicente Rodriguez alvarez, S.A.” a cesión a favor da sociedade “Consulting servicios Bayona, S.L.”, para a explotación do aparcadoiro subterráneo sito na praza deleimitada polas rúas Zaragoza-Valle- Inclán”, nesta cidade de Vigo, dacordo e con plena suxección ó prego de condicións administrativas que ó rexe”.

No prego de Clausulas administartivas que rexeu a concesión (Pleno de 26 de febreiro de 1.993), establece na cláuśula X.- Tarifas do estacionamento.- no último paragrafo, que as tarifas revisaranse no seu caso anualmente, en función da variación do IPC a petición do concesionario. Transcorrido un prazo de noventa días hábiles, sen que o organo municipal se pronunciara ó respecto, entenderanse aprobadas as novas tarifas e poderan aplicarse automaticamente.

Así mesmo, no acordo pleno da Concesión,, no apartado terceiro, relaciona o importe das tarifas que o concesionario poderá percibir dos usuarios, sendo estas as seguintes:

- 1º.- 1ª hora ou fracción: 125 pts. (0,75 euros).
- 2º.- 1 a 2 horas: 225 pts. (1,35 euros).
- 3º.- 2 a 3 horas. 325 pts. (1,95 euros).
- 4º.- 3 a 4 horas: 425 pts. (2,55 euros).
- 5º.- 4 a 5 horas: 525 pts. (3,16 euros).
- 6º.- 5 a 6 horas: 625 pts. (3,76 euros).
- 7º.- 6 a 7 horas: 725 pts. (4,36 euros).
- 8º.- 7 a 8 horas: 825 pts. (4,96 euros).
- 9º.- 8 a 24 horas: 1.00 pts. (6,01 euros).
- 10º.- Toda a noite: 4.500 pts (27,05 euros).
- 11º.- Abono mensual 8.000 pts. (48,08 euros)

Dado que a data da concesión realizouse nesta sesión plenaria de marzo do ano 1995, e a data na que solicita a petición a concesionaria é a do mes de setembro de 2008, para a revisión destas tarifas tomaremos o incremento do IPC polo periodo marzo 1995 a agosto de 2008, que según datos facilitados polo INE foi de 51,6%, podense establecer as novas tarifas a partir do 1 de setembro de 2008, é resultando estas as seguintes:

- 1º.- 1ª hora ou fracción: 1,137 euros.
- 2º.- 1 a 2 horas: 2,0446 euros.
- 3º.- 2 a 3 horas. 2,9562 euros.
- 4º.- 3 a 4 horas: 3,8658 euros.
- 5º.- 4 a 5 horas: 4,7906 euros.
- 6º.- 5 a 6 horas: 5,7002 euros.
- 7º.- 6 a 7 horas: 6,6098 euros.

- 8º.- 7 a 8 horas: 7,5194 euros.
9º.- 8 a 24 horas:9,112 euros.
10º.- Toda a noite: 41,0078 euros.
11º.- abono mensual: 72,8893 euros.

Na Lei 44/2006, de 29 de decembro, de mellora da protección dos consumidores e usuarios no art.3, modifica o art 11 da Lei 40/2002, de 14 de novembro, reguladora do contrato do aparcadoiro, sinalando que en todo caso o prezo do servizo de aparcadoiro determinarase en función do tempo real de prestación do mesmo. Por outra banda a nova Lei introduce un novo apartado 2, no art. 1 da lei 40/2002, no que se indica que nos estacionamentos rotatorios o prezo pactarase por minuto de estacionamento.

Tal como se menciona no apartado anterior, a aplicación de dita Lei refírese o reximen de uso do aparcadoiro de carácter rotatorio, polo que as tarifas anteriores que se refíren a tramos horarios tamén deberán modificarse según o mesmo criterio, quedando do seguinte xeito:

- 1º.- 1ª hora ou fracción: 0,0190 euros.
2º.- 1 a 2 horas: 0,0170 euros.
3º.- 2 a 3 horas. 0,0164 euros.
4º.- 3 a 4 horas: 0,0161 euros.
5º.- 4 a 5 horas: 0,0160 euros.
6º.- 5 a 6 horas: 0,0158 euros.
7º.- 6 a 7 horas: 0,0157 euros.
8º.- 7 a 8 horas: 0,0157 euros.
9º.- 8 a 24 horas:0,0063 euros.
10º.- Toda a noite: 41,0078 euros.
11º.- abono mensual: 72,8893 euros.

No PCA que rexeu a Concesión, na cláusula VI, Canon, establece que o canon ou prezo de explotación do aparcadoiro fixase, como base en mil pesetas, 6,01 euros, por praza e ano, e de 5.000 pts., 30,05 euros, o metro cuadrado e ano dos locais comerciais, mailo IVE, amolos dous casos.

Cada un dos anos sucesivos do prazo da concesión, o concesionario satisfará ó Concello de Vigo o prezo ofertado, modificado polo variación que supoña o índice de prezos ó consumo, do INE ou organismo que o substituíra.

A vista do anterior, o canon ou prezo a aboar ó Concello, deberá ser modificado na mesma proporción que o incremento do IPC denda a data de concesión, marzo 1995-agosto 2008, de 51,6% , co que se revisaron as tarifas quedando os seguintes importes:

- Ccanon por praza de garaxe:9,1112 euros/ano mailo ive.
- Canon por m2 de local comercial: 45,5558 euro/m2, mailo ive, de local.

Polo EXPOSTO, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe de Intervención a adopción do seguinte A C O R D O:

Primeiro.- Aprobar a revisión das tarifas do aparcadoiro situado entre as rúas Zaragoza – Valle Inclán, transmitida a cesión da Explotación a entidade mercantil “Consulting servicios Bayona, S.L.”, por acordo da XGL de 8 de outubro de 2008 , fixando as tarifas revisadas a partir do

1 de setembro de 2008, nos seguintes importes:

- 1º.- 1ª hora ou fracción: 0,0190 euros.
- 2º.- 1 a 2 horas:0,0170 euros.
- 3º.- 2 a 3 horas:0,0164 euros.
- 4º.- 3 a 4 horas:0,0161 euros.
- 5º.- 4 a 5 horas:0,0160 euros.
- 6º.- 5 a 6 horas:0,0158 euros.
- 7º.- 6 a 7 horas:0,0157 euros.
- 8º.- 7 a 8 horas:0,0157 euros.
- 9º.- 8 a 24 horas:0,0063 euros.
- 10º.- Toda a noite: 41,0078 euros.
- 11º.- abono mensual: 72,8893 euros.

Segundo.- revisar o canon a aboar a este Concello pola concesionaria fixando éste na cantidade de:

- 9,1112 euros, mailo ive/praza de garaxe.
- 45,5558 mailo ive, m2/local comercial.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1700).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. EXPTE. 784/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 23.10.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 31.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Sercoysa Proyectos y Obras S.A. a fianza de 1.612,00 € constituída para responder da Construcción de beirarrúas na rúa Canteiros xa que as obras foron recibidas mediante acta de 3.07.07 por se executaren donforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

18(1701).- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GARANTÍA MEDIANTE AVAL A CAMBIO DE RETENCIÓN DA MESMA DO PREZO DO CONTRATO DA IMPLANTACIÓN, XESTIÓN DE FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLK. EXPTE. 9317/332.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do xefe de negociado de Contratación, do 3.11.08, que di o seguinte:

A empresa Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L. (GREDA) resultou adxudicataria definitivamente da implantación inicial, xestión e desenvolvemento do proxecto de escola municipal de música tradicional e folk por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de outubro de 2008.

Dita empresa, con data 18 de setembro de 2008, presentou escrito solicitando que con cargo ó contrato fora re-tido o 5% do importe da adjudicación en concepto de garantía definitiva.

Con data 29 de outubro de 2008 constituíu a devandita garantía mediante aval de Caixanova, por importe de 46.406,40 euros, segundo mandamento de ingreso nº 200800057329, polo que procede se regularice este trámite na oficina de Intervención, así como incorporar este documento ó contrato xa asinado, e dándose conta desta incidencia á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

19(1702).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN COA XESTIÓN CATASTRAL (LOTE A E B). EXPTE. 707/500.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 20.10.08, conformado pola concelleira delegada de Facenda, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno de 05-06-2006, se adjudicou o concurso para a execución do servizo de colaboración coa xestión catastral a Longo, Ansa y Asociados, S.L. o lote A e Santiago Cucart, S.L. o lote B

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 16-06-2008 prorrogáronse ambos contratos polo período dun ano, ata o 16-06-2009 o lote A e ata 22-06-2009 o lote B. O importe da prorroga de cada un dos contratos é de 219.000 euros.

A xefa de Ingresos, en informe que consta no expediente, propón que se incremente o importe da prorroga en 11.000 euros cada lote a causa do aumento do 5% na tramitación de expedientes de mantemento catastral, en particular pola subsanación de discrepancias, de oficio, entre a realidade física e xurídica e a base de datos catastral.

O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificandoo debidamente no expediente.

O importe total da modificación do contrato é de 18.985,73 euros que pode imputarse á partida 4510.227.06.14. que corresponden a 853 horas de servizo.

A modificación do contrato é obrigatoria para o contratista por non supera-la porcentaxe do 20% do prezo do contrato. Este, previamente a formalización da modificación do contrato, terá que constituir unha garantía definitiva por importe de 759,42 euros.

Por iso, previos informes do titular da Asesoría Xurídica do concello e a Intervención Xeral, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º.- Modificar o contrato da prestación do servizo de para a execución do servizo de colaboración coa xestión catastral (lote A) adjudicado á empresa Longo Ansa y asociados, S.L. por acordo da Xunta de Goberno de 05-06-2006 no sentido de incrementar o importe do ano de prorroga na cantidade de 11.000 euros. O custo da modificación do contrato pode imputarse á partida 6110.227.06.02.

2º.- Modificar o contrato da prestación do servizo de para a execución do servizo de colaboración coa xestión catastral (lote B) adjudicado á empresa Santiago Cucart, S.L por acordo da Xunta de Goberno de 05-06-2006

no sentido de incrementar o importe do ano de prorroga na cantidade de 11.000 euros. O custo da modificación do contrato pode imputarse á partida 6110.227.06.02.

3º Previamente a formalización da modificación do contrato, Longo Ansa y asociados, S.L. e Santiago Cucart, S.L. terán que constituir garantías definitivas por importe de unha garantía definitiva por importe de 440,00 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1703).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE DOUS LOTES DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2351/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 5.11.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear a Desguaces Mingos, S.L. o lote de 92 vehículos relacionados no expediente 2351-241 por un prezo de 4.700 euros e o lote de 76 vehículos relacionados no expediente 2355-241 por un prezo de 4.100 euros, todo iso de acordo coas condicións aprobadas por acordo da Xunta de goberno de 26.08.2008 e 08.09.2008.

21(1704).- PRODUCTIVIDADE A D. JOSÉ ALVAREZ RIVEIRO POR CONDUCCIÓN VEHÍCULO MUNICIPAL CONCELLERÍA XUVENTUDE. EXPTE. 2362/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.10.08, e de acordo co informe da técnico de Recursos Humanos, do 27.10.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo funcionario do Servizo de Xuventude, D José Álvarez Riveiro, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura nas relacións que se achegan, por un importe total de 122'10 € , correspondentes ó 3º trimestre de 2008 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

22(1705).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE D. GABRIEL GARCÍA ALVAREZ DO SERVIZO DE EDUCACIÓN POR CONDUCIR UN VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL CORRESPONDENTE AO 2º E 3º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 18526/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.10.08, e de acordo co informe da técnico de Recursos Humanos, do 22.10.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo funcionario do Servizo de Educación, D Gabriel García Alvarez, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura nas relacións que se achegan, por un importe total de 333'30 € , correspondentes ó 2º e 3º trimestre de 2008 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

23(1706.- DAR CONTA DE AUTORIZACIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO A D^a AMELIA ARAGUNDE MARTÍNEZ DE CONFORMIDADE CO PREVISTO NO ART 76.1.K) DO DECRETO L. 1/2008, DO 13 DE MARZO. EXPTE. 18552/220.

Dáse conta do informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 4.11.08, que di o seguinte:

Con data 4 de novembro 2008, D^a Amelia Aragunde Martínez, con número de persoal 7210, Xefa de Negociado de Persoal, adscrita a dita Unidade, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado dun familiar de primeiro grao (pai), atendendo o previsto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia, do 4 ao 18 de novembro, ámbolos dous incluídos.

O art. 76.1.k) do Decreto lexislativo 1/2008, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, acollidos/as ou familiares conviventes, e para atender o seu coidado, o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes propón ó Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a Amelia Aragunde Martínez, con número de persoal 72109, Xefa de Negociado de Persoal, adscrita a dita Unidade, un permiso retribuído de 15 días naturais, de conformidade co previsto no art. 76.1.k), para atender ao coidado do seu pai, no período comprendido entre o 4 e o 18 de novembro de 2008.

Deberá aportar os correspondentes xustificantes do internamento, así como da necesidade do acompañamento sempre por unha persoa.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

24(1707).- DAR CONTA DA REDUCIÓN DE XORNADA DE D^a ANGELICA RODRÍGUEZ BERTOMEU, DE CONFORMIDADE CO PREVISTO NO ART. 76.1.G) DO DECRETO L. 1/2008, DO 13 DE MARZO. EXPTE. 18553/220.

Dáse conta do informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 4.11.08, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada en Rexistro Xeral 28 de outubro de 2008, D^a Angelica Rodríguez Bartomeu, n^o persoal 22036, Xefa de Negociado Administración de Tributos, adscrita a dito Servizo, solicita se lle conceda unha redución de xornada de hora e media ó inicio da xornada durante o mes de novembro de 2008.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- O art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o seu coidado directo algún menor de doce anos, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións.

Segundo.-Dita petición é informada, coa mesma data, favorablemente pola Concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007 sobre delegacións nos concelleiros de área.

Por isto, a funcionaria que suscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Área de Xestión municipal a adopción da seguinte resolución:

“Autoriza-la redución de xornada de D^a Angelica Rodríguez Bartomeu, , nº persoal 22036, Xefa de Negociado Administración de Tributos, adscrita a dito Servizo, nunha hora e media ó inicio da xornada, quedando establecida a súa xornada laboral de 9,15 a 15,00 horas durante o mes de novembro de 2008, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia”

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

25(1708).- ABOAMENTO DE PRODUTIVIDADE POLA CAMPAÑA ORDINARIA DE DESRATIZACIÓN NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO-2008. EXPTE. 18420/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 20.10.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 3.09.08, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e o concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A iniciativa do Sr. Director do Laboratorio Municipal coa conformidade da concelleira-delegada da área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 18 de febreiro de 2008, acordou aprobar a realización dunha campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2008, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dos oficiais conductores do Parque Móbil, cunha duración prevista dende o 1 de maio ata 31 de xullo do presente ano, e o establecemento dun complemento de produtividade por un importe global de 8.290,95 € a repartir entre o persoal do Servizo de Desinfección e o do Parque Móbil, segundo as horas traballadas por cada un ó remate da campaña. A percepción de dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servizo, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos.

Así mesmo, resulta constatado que a realización deste servizo pola propia Administración, supón un importante aforro fronte a unha contratación administrativa externa.

Cumpre salientar que idéntica campaña realizouse entre os meses de maio á agosto do pasado ano cuns resultados altamente satisfactorios.

Segundo o informe do Sr. Director do Laboratorio Municipal o importe total da produtividade proposta ascende a 8.290,95 €, cantidade que resulta da actualización co IPC corresponde o pasado ano, do importe aprobado para a campaña do ano 2007.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión de 28 de febreiro do ano 2005, pendentes da súa aprobación para o presente exercicio, en concreto a Instrucción 3^a h) establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase a actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación, etc., do Laboratorio municipal cando por necesidades do servizo fose necesario acometer anualmente algunha actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo, tendente á desinfección, desinsectación ou desratización no

termo municipal, concederase a instancias da Xefatura do Laboratorio Municipal un complemento de produtividade que sirva para recompensa-lo esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación destas medidas conxunturais, polo importe que expresamente dispoña a Xunta de Goberno Local. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, para os servizos extraordinarios (festividade, nocturnidade, xornada partida, etc.).

Con data 7 de agosto de 2008, o Director do Laboratorio Municipal, coa conformidade do concelleiro-delegado de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, remitiu escrito a esta Unidade de Persoal no que comunica o remate da citada campaña de desratización, que se desenvolveu dentro das previsións que se tiñan programadas, gracias a excelente disposición de tódolos participantes na mesma que con gran dedicación e profesionalidade solventaron os inconvenientes presentados, observándose unha gran dedicación e profesionalidade de todos os participantes na mesma, achegando asimesmo memoria descriptiva da referida campaña.

Considerando que o abono do importe da produtividade acordada, enténdese referido ó cumprimento íntegro da citada campaña e segundo se desprende do informe remitido polo Director do Laboratorio procede reparti-lo montante total da produtividade fixada no acordo da Xunta de goberno Local de 7 de febreiro do presente ano entre os cinco traballadores adscritos ó servizo de desinfección e de os dous conductores do Parque Mobil que excedendo das súas funcións colaboraron co resto do persoal, do que se desprende que a súa conducta e participación foron determinantes nos excelentes resultados obtidos.

En consecuencia, a funcionaria que subscribe, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de febreiro de 2008, PROPONSE:

“Primeiro.- Asignar ó persoal municipal que participou na campaña de desratización correspondente ó ano 2007, que se relaciona a continuación, un complemento de produtividade polas contías indicadas, polo especial rendemento, actividade extraordinaria e interese co que desenvolveron as súas funcións, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de febreiro de 2008:

Nº persoal	Apelidos e nomes	Importe
9722	Pardellas Avión, A. Avelino	1016.98
15384	Rocha Alvarez, Rogelio	1139.02
16350	Seijas Alvarez, José Ramón	1586.49
17578	Pereiro Alonso, Manuel A.	1436.49
22790	Sousa Atrio, José Manuel	1545.81
13675	Pérez Tomé, Jesús	1566.15
	TOTAL	8290,94

Segundo.- As referidas cantidades abonaranse na vindeira nómina e non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

26(1709).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DA ALAMEDA DE BEADE. EXPTE. 4290/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 24.09.08, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais e a concelleira delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto de Mellora da Alameda de Beade redactado por “ G. O. C.” e asinado polo enxeñeiro D. Jerónimo Centrón Castañón con data xullo 2008, xunto co prego de prescricións técnicas do mesmo .

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento negociado con publicidade sen límites das obras do proxecto de de Mellora da Alameda de Beade .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras con cargo á partida 4326.611.0001 dos orzamentos polo importe total máximo con IVE de 329.704,86 €, dos que . Prezo sin IVE = 284.228,33 € ;IVE a soportar pola Administración = 45.476,53 €

4º.- Abri-lo procedemento de negociación publicando o correspondente anuncio no perfil do contratista previo a correspondente negociación cos participantes para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no prego de condicións administrativas .

27(1710).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO MODIFICADO DE SANEAMENTO DAS PARROQUIAS BEMBRIVE, COMESAÑA, CORUXO E SAIÁNS. EXPTE. 56961/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 5.11.08, conformado pola concelleira de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Primero.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde do Proxecto Modificado de saneamento das parroquias Bembrive, Comesaña, Coruxo, Saiáns; Separata Nº 1, presentado por UTE Aqualia.

Segundo.- Ordear á Dirección Facultativa dar traslado da aprobación ao contratista das obras e ao Coordinador de Seguridade e Saúde das obras.

28(1711).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA UA 2 PENÍS DE ARRIBA. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 4811/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 28.10.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 06/06/1997 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do polígono "UA 2 Penís de Arriba" (Cabral) (Expte. 4115/411).

O 18/03/1999 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación dese polígono (expte. 4023/401, BOP núm. 2, do 05/01/1999).

O 24/08/2000 constituíuse a Xunta de Compensación, mediante Escritura Pública outorgada perante a notaria dona Esperanza Molina Sueiro co núm. 1.974 do seu protocolo. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do 9/11/00 acordou aprobar dita constitución (expte. 4254/401).

A Xunta de goberno local na súa sesión do 7/04/08 acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación da UA 2 PENÍS DE ARRIBA.

Con data 7/07/08, a Xunta de Goberno Local, acordou estimar o recurso de reposición interposto por dona Dolores Aurora Barciela Martínez o 15.05.08 (doc 8006093) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 7.04.08 polo que se aprobou o proxecto de compensación da UA 2 “Penís de Arriba” e requirir á Xunta de Compensación para a presentación da documentación do proxecto de compensación correxida para os efectos previstos no artigo 2º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, polo que se aproba o regulamento hipotecario urbanístico.

A Xunta de Compensación da Unidade de Actuación UA 2 PENIS DE ARRIBA, presentou con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo de data 25/03/08, proxecto de urbanización para a súa tramitación.

Comunicada en data 31/03/08 a tramitación do devandito proxecto ás entidades mercantís “Unión Fenosa”, “Gas Galicia”, “R” e “Telefónica”, non se formularon observacións.

Con datas 4/10/08, 10/04/08 e 21/04/08, respectivamente, os servizos municipais de Abastecemento e Saneamento de Auga “Aqualia”, “Electro-Mecánicos” e de “Montes, Parques e Xardíns”, informaron o devandito proxecto de urbanización.

O 30/04/08 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu o seguinte informe:

“En data 25 de marzo de 2008, Regino Giraldez Boo como presidente da Xunta de Compensación UA-2 PENIS DE ARRIBA Presenta o proxecto Urbanización da unidade de actuación 2 “Penis de Arriba”. Este proxecto foi redactado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Alberto Moreno García col. nº 3824, con visados de fechas 16 de marzo de 2008 e 24 de abril de 2008, unha vez introducidos os axustes solicitados.

Os efectos fiscais que corresponda, O Orzamento de Execución Material ascende a cantidade de 297.232,02 € e un orzamento de execución por contrata de 410.299,08€. A actuación ten unha superficie total de 15.182,72 m², correspondendo 1.216,72 m² a viais públicos, 9.503,79 m². A propiedades particulares e 1588 m² a zonas verdes.

A urbanización está formada por tres rúas xa existentes; ruas Salgado, Currás e Parachán e dous ruas de novo trazado, a rúa A e a rúa B, ésta de “coexistencia”, a zona verde concéntrase na parcela entre esta rúa e a rúa Salgado.

A urbanización dispoñe de todos os servizos urbanísticos habituais; rede de pluviais, saneamento, abastecemento e rega, alumado público, comunicacións e mobiliario urban.

No proxecto se han introducido no proxecto as modificacións suxeridas por Aqualia (visados do 24 de abril).

No informe do enxeñeiro de parques e xardíns recomendaba a construción de unha senda transversal á zona verde na zona intermedia da mesma, pero non se tivo en conta porque a pendente lonxitudinal da senda resultante sería dun 20% polo cal desechase a idea.

O proxecto cumpre coas vixentes NN.UU., cos artigos 67 ao 70 do RPU, e co decreto 35/2000 de accesibilidade. Adxuntanse os informes favorables dos servizos de Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns.

Ó inicio das obras de urbanización só poderá realizarse trala firma do ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO.

A solicitude da firma de dita Acta presentarase na Xerencia Municipal de Urbanismo, acompañada de:

- Plan de Seguridade e Saude firmado polo Contratista, visado e presentado na Dirección Xeral de Traballo da Comunidade Autónoma.
- Acta de aprobación do Plan de Seguridade e Saude polo Coordinador de Seguridade e Saude, visado polo Colexio profesional correspondente.
- Plan de Control de Calidade.

Para a firma do Acta, será necesario que estén presentes:

Técnico da Xerencia de Urbanismo.

Técnico Supervisor Municipal.

O Promotor.

Representante do Contratista.

O Técnico Director das Obras.

O Coordinador de Seguridade y Saude.

RECEPCION DAS OBRAS DE URBANIZACION.

A solicitude da mesma, presentada no Concello, acompañarase da seguinte documentación:

Planos que inclúan o estado do realmente executado, en soporte papel e informático

Certificado de final de obra firmado polo Técnico Director das obras.

Resumen dos ensaios realizados.

O acordo de aprobación inicial, así como o período de exposición o público notificarase as empresas Unión Fenosa, Aqualia, Gas Galicia e as de comunicacións, ademais dos propietarios dos terreos incluídos no ámbito do proxecto.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Proxecto de urbanización:

O artigo 110 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) dispón que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento.

Segundo os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase á normativa actualmente en vigor.

Así mesmo, o proxecto cumpre co disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade autónoma de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento (Decreto 35/2000, 28 de xaneiro).

II. Sistema de actuación elixido para a execución do polígono:

Segundo consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de compensación. A entidade urbanística colaboradora asume a obriga de urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da LOUGA e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización.

Consonte co establecido no artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.

III. Procedemento:

O devandito artigo 110 da LOUGA, no seu apartado 4, dispón que os proxectos de urbanización serán aprobados polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia en nun dos xornais de maior circulación da provincia. A vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente.

IV. Avaliación de impacto ambiental:

Con data 2/02/08 entrou en vigor o Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei de avaliación do impacto ambiental de proxectos.

Dentro do anexo II (grupo 7.b) menciónanse como susceptibles de ser sometidos á tramitación de avaliación de impacto ambiental os proxectos de urbanizacións.

Remitido o expediente á Consellería de Medio ambiente e desenvolvemento sostible da Xunta de Galicia a fin de determinar o sometemento do proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental, consonte co previsto no artigo 16 do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de impacto ambiental, o Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mediante Decisión do 30/06/08, conclúe que non é necesario someter o proxecto presentado ao trámite de avaliación de impacto ambiental, sempre que se cumpran as condicións específicas e aquelas xerais que sexan de aplicación de entre as indicadas no anexo (do que se achega copia para o seu cumprimento) da devandita Decisión.

V. Competencia:

Consonte co previsto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a competencia para a aprobación dos proxectos de urbanización correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

Xa que logo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da Unidade de Actuación UA-2 PENIS DE ARRIBA, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don Alberto Moreno García, visado polo colexio oficial correspondente en datas 16/03/08 e 24/04/08.

SEGUNDO.- Someter o expediente número 4811/401 a información pública polo prazo de vinte días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo aos propietarios do terreo xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquese tamén ás entidades concesionarias de servizos públicos e infraestruturas de telecomunicacións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1712).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDESA,

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

. Abel Caballero Álvarez

Isaura Abelairas Rodríguez

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión do ... de de 2005. Comprendefollas numeradas doó da Serie A nº..... ó..... Aprobouse na sesión do de de 2005 sen ningunha rectificación.

Vigo de de 2007.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez